

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2018**

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia establece que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas co persoal existente e deban proverse mediante persoal de novo ingreso serán obxecto, de ser o caso, de aprobación dunha oferta anual de emprego público, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

O 28 de xaneiro de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia ratificou os acordos da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia acadados os días 27 de novembro e 14 de decembro de 2018, sobre a oferta de emprego público do ano 2018.

Conforme o anterior, e unha vez analizadas as necesidades de persoal existentes, a Mesa da Cámara, ao abeiro do establecido no artigo 17 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte acordo:

Aprobar a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2018, constituída polas seguintes prazas que se relacionan a continuación:

##### I. Persoal de novo ingreso

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo: D.

Corpo: auxiliar do Parlamento de Galicia.

Número de prazas: 1.

##### II. Promoción interna

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo: A.

Corpo: superior do Parlamento de Galicia.

Numero de prazas: 1.

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo B.

Corpo: Xestión do Parlamento de Galicia.

Numero de prazas: 1.



Tipo de persoal : funcionario.  
 Grupo C.  
 Corpo: Administrativo do Parlamento de Galicia.  
 Número de prazas: 1.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2019  
 Miguel Ángel Santalices Vieira  
 Presidente

### Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, polo que se modifica a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia

O 28 de xaneiro de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia ratificou os acordos da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia acadados os días 27 de novembro e 14 de decembro de 2018, sobre modificación de postos de traballo.

Vista a proposta da Oficialía Maior do 11 de marzo de 2019.

A Mesa do Parlamento, de conformidade co establecido no artigo 19 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Modifícase a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, aprobada por acordo da Mesa da Cámara do 20 de outubro de 2008 (BOPG núm. 633, do 24 de outubro de 2008), nos termos seguintes:

1. Créase no Servizo de Persoal e Réxime Interior un posto coas características seguintes:

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR												
Código	Denominación	Provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Observacións
AP 108	Técnico/a superior de Persoal e Réxime interior	C	25	18.957,68	A	Superior	—	PG	F	V	Licenciatura ou Grao en calquera rama	(1)

Funcións:

- O apoio técnico e técnico-xurídico á xefatura do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- A elaboración de informes referidos ás materias competencia do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- O apoio técnico na planificación e xestión en materia de recursos humanos.

